

Bibliotecas escolares de Galicia

O PLAN DE LECTURA

Biblioteca escolar do
CEIP Plurilingüe Manuel Murguía.



Plan de lectura.

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

1.	XUSTIFICACIÓN.....	3
2.	CONTEXTO.....	4
3.	OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA.....	4
3.1	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	7
3.2	OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN primeiro ciclo de educación primaria.	7
3.3	OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN segundo ciclo de educación primaria.	8
3.4	OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR terceiro ciclo de educación primaria.	8
4.	PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	9
4.1	EDUCACIÓN INFANTIL	9
4.2	EDUCACIÓN PRIMARIA	10
5.	OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO.....	13
5.1	MATEMÁTICAS.....	13
5.2.	CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS.	14
5.3	EDUCACIÓN FÍSICA PLURILINGÜE.	14
5.4.	EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL. MÚSICA E DANZA.	15
5.5	LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.	16
6.	AVALIACIÓN.....	16
6.1-	VALORACIÓN DOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS/AS.	16
6.2.-	VALORACIÓN DENDE A EXPERIENCIA DOCENTE.	18
6.3.-	DESCRIBIÓN DOS RECURSOS QUE POSÚE O CENTRO.....	19
7.	RECOMENDACIÓNS PARA QUE as familias TRABALLEN A LECTURA COS/COAS SEUS/SÚAS FILLOS/AS.....	20
8.	LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NO CURSO ESCOLAR 2023-24.	21

Plan de lectura.

1. XUSTIFICACIÓN

É un feito difícil de debater que as habilidades lectoras son importantes para a consecución dunha formación integral da persoa. Moitas das aprendizaxes que os nenos/as realizan na súa etapa escolar, e que máis adiante lles axudarán a desenvolverse na sociedade como adultos, conséguense a través da lecto-escritura.

Así pois, o plan de fomento da lectura constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía do noso centro, crendo que o valor da lectura é insubstituíble, pois estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto. Todos os sectores da comunidade escolar, especialmente o profesorado de todas as áreas curriculares, deben implicarse no desenvolvemento da comprensión lectora, chegando a unha serie de acordos que permitan que o camiño sexa máis sinxelo, a tarefa máis gratificante e os resultados os mellores posibles.

Este feito xustifica a necesidade de elaborar un plan de fomento da lectura que recolla dende a forma en que pretendemos que o noso alumnado se achegue á aprendizaxe da ferramenta da lecto-escritura ata o modo no que imos tentar espertar nel o gusto por ler, inventar historias, escribilas e contarllas aos demais. Neste proceso é moi importante o labor do mediador. Esta tarefa recae tanto no equipo docente como nas familias.

Adicionalmente, e ao abeiro do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo diario de lectura en Educación Primaria terá lugar nas diferentes áreas ao longo da xornada diaria.

Non podemos esquecer que a finalidade da educación primaria é *facilitar ao alumnado as aprendizaxes da **expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura**, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, a fin de garantir unha*

Plan de lectura.

formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

2. CONTEXTO

O centro emprázase nunha zona que, aínda que pertence ao concello de A Coruña, ten moitas características rurais: o tipo de hábitat, a ocupación laboral dalgúns habitantes, a paisaxe, o tipo de construcións, etc.

Xeograficamente está enmarcado no extremo suroeste do concello de A Coruña, limítrofe co concello de Arteixo.

A lingua materna entre o alumnado matriculado é o castelán na meirande parte, aspecto que se debe ter en conta na oferta anual de libros de lectura en galego.

O colexio dispón dunha biblioteca cunha dotación axeitada, dadas as características do colexio. Realiza préstamos para as bibliotecas de aula, organiza exposicións de novidades ou doutro tipo, publica recomendacións lectoras no Nadal e en fin de curso, actos de contacontos e incluso a visita de autores/as dos libros que están lendo os discentes.

As bibliotecas municipais tamén colaboran co colexio, organizando periodicamente eventos que serven de estímulo aos rapaces/zas.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA

O obxectivo xeral que englobará o plan de lectura será o seguinte:

- ✚ Promocionar e fomentar a lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Plan de lectura.

Ademais traballaranse os seguintes obxectivos:

Referidos aos docentes:

- ✚ Comunicar, informar e gozar cos textos escritos, tanto en formato impreso como dixital.
- ✚ Pedir a colaboración á persoa auxiliar de conversa no fomento de libros de lectura en lingua inglesa.
- ✚ Formarse no ámbito das bibliotecas escolares.
- ✚ Organizar os recursos humanos e materiais para conseguir a máxima rendibilidade dos mesmos.
- ✚ Desenvolver nos alumnos/as estratexias para ler con fluidez, entoación e comprensión adecuadas á intención do texto.
- ✚ Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos para obter a información pertinente e desenvolver os pasos necesarios para atopar a solución axeitada.
- ✚ Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- ✚ Desenvolver a comprensión e expresión oral conforme ao momento evolutivo do alumno/a.
- ✚ Utilizar as bibliotecas de aula para a procura de información, aprendizaxe, goce e expresión de sentimentos e ideas.
- ✚ Implicar á comunidade educativa no plan de lectura.

Referidos aos alumnos/as:

- ✚ Utilizar a biblioteca para a procura de información, aprendizaxe e como fonte de pracer. Ler con fluidez e a entoación axeitada.
- ✚ Prestar e recibir libros da biblioteca de aula e de centro.

Plan de lectura.

- ✚ Elaborar unha recompilación de escritos do alumnado ao longo da súa escolarización polo centro educativo, dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.
- ✚ Formar ás lectoras e aos lectores como persoas usuarias e aos voluntarios/as da biblioteca.
- ✚ Desenvolver as competencias clave en competencia en comunicación lingüística (CCL) e competencia plurilingüe (CP).
- ✚ Desenvolver os contidos das áreas das linguas: ampliar o vocabulario, pronunciar correctamente, aprender a escoitar, mellorar a ortografía, etc.
- ✚ Exercitar a atención e a memoria.
- ✚ Expresarse oralmente con corrección e coherencia.
- ✚ Utilizar o dicionario e os fondos de tipo informativo.
- ✚ Buscar información na internet coa utilización do equipamento tecnolóxico.

É importante, dentro deste apartado de obxectivos, incluír as recomendacións internacionais que se detallan nas instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares no curso académico 2023/24:

Tenderase a acadar un 60% de fondos de tipo informativo e un 40% de fondos de ficción; neste cómputo, téñense en conta todos os recursos que as bibliotecas escolares poñen á disposición das persoas usuarias.

Doutra banda, debemos deixar constancia de que, aínda que a maior parte das actividades encamiñadas ao desenvolvemento deste plan utilizarán o soporte impreso, non esqueceremos o uso das novas tecnoloxías e o aproveitamento que distintas ferramentas, como Internet, nos ofrecen tanto para a procura de información como para a comunicación con outras persoas.

Polo tanto, agora non soamente se poderán facer préstamos de libros impresos, senón que tamén os mestres/as e os alumnos/as terán acceso, coa utilización dunhas credencias, á biblioteca dixital (Elbes).

Plan de lectura.

3.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- ✚ Estimular a habilidade visual.
- ✚ Espertar o interese polos libros.
- ✚ Iniciar a aprendizaxe lectora.
- ✚ Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- ✚ Ordenar de xeito secuencial viñetas relacionadas cun conto.
- ✚ Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- ✚ Representar o argumento do conto ou dalgunha secuencia, a través da expresión corporal e oral.
- ✚ Recoñecer a biblioteca como lugar de busca de información e consulta.
- ✚ Xerar hábitos de responsabilidade e coidado dos libros a través de préstamo.

3.2 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

- ✚ Gozar do pracer da lectura.
- ✚ Ler de forma axeitada diferentes tipos de textos escritos (fluidez, comprensión e entoación).
- ✚ Desenvolver estratexias para mellorar a habilidade lectora.
- ✚ Utilizar a biblioteca e aprender a sacarlle partido a esta.
- ✚ Formar parellas de lectura cooperativa para fomentar a escoita activa.
- ✚ Dramatizar contos, poesías, diálogos, conversacións para potenciar a expresión oral, entoación e comunicación.

Plan de lectura.

- ✚ Levar a cabo ditados de diferentes tipos de textos (narracións, poesías, cancións, etc.) para que se familiaricen cos mesmos.
- ✚ Fomentar a comprensión lectora utilizando a linguaxe matemática como recurso, a través de problemas, conceptos e actividades.
- ✚ Tomar conciencia das regras básicas de ortografía e do seu correcto uso.

3.3 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

- ✚ Ler diferentes tipos de textos de maneira fluída coidando o ritmo, a entoación e a articulación.
- ✚ Realizar unha lectura comprensiva, sendo capaces de deducir a mensaxe do texto.
- ✚ Desenvolver o gusto pola lectura, fomentando o uso das bibliotecas do centro e de aula, así como o préstamo de libros.
- ✚ Mellorar a velocidade lectora.
- ✚ Tomar conciencia das regras básicas de ortografía e do seu correcto uso.

3.4 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

- ✚ Desenvolver no alumnado estratexias para ler con fluidez, entoación e comprensión adecuadas á intención do texto.
- ✚ Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade. Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e usar a ortografía correctamente.
- ✚ Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de goce e información, á vez que de enriquecemento persoal.

Plan de lectura.

- ✚ Utilizar as bibliotecas do centro e de aula para a procura de información e aprendizaxe.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de texto e imaxes, en calquera soporte e formato.

Queremos que este documento sirva para plasmar a programación do Plan de lectura no noso centro, pero á súa vez, considerámolo unha ferramenta útil de guía e consulta para todo o profesorado. Deste xeito reflectimos neste apartado unha serie de actividades que han servir para levar a cabo o programa con éxito.

4.1 EDUCACIÓN INFANTIL

- ✚ Uso da biblioteca de aula.
- ✚ Fomento da utilización da biblioteca do centro.
- ✚ Comezo cos libros que van e veñen a través das mochilas viaxeiras.
- ✚ Emprego do recuncho de lectura e xogos.
- ✚ Apadriñamentos lectores.
- ✚ Programas de radio.
- ✚ Biblioteca creativa, como espazo de creación e experimentación.
- ✚ Animación á lectura por parte de familias e mestres/as.
- ✚ Visita ás aulas de autores de literatura infantil e ilustradores.
- ✚ Contacontos na biblioteca.

Plan de lectura.

- ✚ Lecturas sobre temáticas ou conmemoracións que estamos celebrando.
- ✚ Dramatización de contos curtos.
- ✚ Representación de contos a través de distintas técnicas artísticas.
- ✚ Resolución de historias temporais a través das escenas do libro.
- ✚ Reflexión e discusión acerca dalgunhas das escenas das historias.
- ✚ Ilustración dos personaxes dos contos.
- ✚ Aprendizaxe de poesías, cancións, rimas.
- ✚ Traballo oral do folclore infantil: actividades de recitado de poesías e trabalinguas, cantado de cancións, contar contos, anécdotas, relatos ...

4.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

Na etapa de Educación Primaria o tempo de lectura diaria estará repartido entre as diferentes áreas, como marca o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria en Galicia. En función do que decida o mestre titor/a nese momento e das características do alumnado, farase lectura individual, conxunta...

Asemade, o alumnado de terceiro e cuarto terá dous libros de lectura obrigatorios, un en galego e o outro en castelán, que traballarán ao longo deste tempo. O alumnado de quinto e sexto de primaria terá tres libros de lectura obrigatorios, un en galego, un en castelán e outro en lingua inglesa.

O plan de lectura ten que estar reflectido en todas as áreas. É evidente que a lectura ofrece unha chave que pode abrir moitas portas do coñecemento. Ademais disto, a lectura obrigatoria de textos achegará ao programa un seguimento máis exhaustivo. Por iso, ofrecemos unhas pautas ou propostas xerais para toda a etapa de Educación Primaria.

Plan de lectura.

PROPOSTAS XERAIS PARA TODA A ETAPA

- ✚ Uso da biblioteca de aula.
- ✚ Uso da biblioteca de centro.
- ✚ Programas de radio.
- ✚ Biblioteca creativa, como espazo de creación e experimentación.
- ✚ Uso dos libros que van e veñen a través das mochilas viaxeiras.
- ✚ Emprego do recuncho de lectura e xogos.
- ✚ Elaboración dun horario de biblioteca para fomentar o uso da biblioteca de centro.
- ✚ Lectura obrigatoria dos libros suxeridos polos mestres/as ou elixidos polos alumnos/as de cada nivel.
- ✚ Realización de distintos traballos sobre esas lecturas.
- ✚ Animación á lectura por parte de familias e docentes.
- ✚ Visita ás aulas de autores de literatura infantil e ilustradores.
- ✚ Dramatización de contos curtos.
- ✚ Escritura de contos.
- ✚ Recitado de contos aos propios compañeiros/as.
- ✚ Aprendizaxe de poesías, cancións, rimas.
- ✚ Escritura e lectura de cartas, receitas de cociña, etc.
- ✚ Lecturas en silencio.
- ✚ Lecturas en voz alta.
- ✚ Emprego da bibliopatio en tempos de lecer.

Plan de lectura.

- ✚ Apadriñamentos lectores.
- ✚ Lecturas en lingua inglesa coa participación da auxiliar de conversa.

A autonomía de cada mestre/a e o seu singular modo de fomentar a lectura nos seus alumnos/as é de gran importancia. A parte disto, queremos achegar algunhas **pautas metodolóxicas** para levar a cabo as actividades relacionadas co Plan de lectura. Cremos que estas suxestións e as que cada mestre/a achegue axudarán á consecución dos obxectivos que están marcados.

- ✚ Preguntas previas e formulación de propósitos.
- ✚ Mirada preliminar e predicións baseadas na estrutura dos textos.
- ✚ Discusións e comentarios.
- ✚ Tormenta de ideas.
- ✚ Lectura en voz alta aos alumnos/as.
- ✚ Reflexión sobre situacións análogas a episodios do texto e vividas por eles.
- ✚ Dramatización de escenas do texto creando os diálogos.
- ✚ Descrición de personaxes; imaxinar como se sente fronte a unha situación dada.
- ✚ Entrevista a un personaxe do texto. Preparar a entrevista.
- ✚ Escritura dunha carta, unha mensaxe, un diario de vida... poñéndose no lugar do personaxe.
- ✚ Situación na época, lugar ou momento no cal transcorre a historia.
- ✚ Dramatización de texto a través de monicreques, teatro de mimos, marionetas...
- ✚ Traballo agrupando en parellas para que parafraseen un texto por quenda.
- ✚ Coavaliación da produción explicando o que lle gustou a cada un.

Plan de lectura.

- ✚ Utilización de organizadores gráficos para identificar a información importante do texto, buscar as relacións que se establecen entre as ideas principais e os detalles que as sustentan, identificar os termos e/ou conceptos claves. Tipo: causa/efecto, analogía/contraste, orde temporal: liña de tempo, problema/solución, podendo utilizar os distintos recursos TIC dos que dispón o centro.
- ✚ Xogos coa linguaxe para desenvolver a imaxinación e a fantasía.
- ✚ Realización de xogos fonéticos coas palabras.

5. OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Nas programacións de aula concretaranse as actividades destinadas a mellorar a lectura, tendo en conta a particularidade de cada materia. Establecemos unha serie de recomendacións que poden ser aplicadas nas distintas áreas e servirían para o fomento da lectura.

5.1 MATEMÁTICAS

A biblioteca escolar contará sempre con material que requira con libros e xogos vinculados cos contidos do currículo.

A resolución de situacións problemáticas é unha boa actividade para a consecución dos obxectivos que este plan expón. A modo de guía, á hora de abordar esta tarefa, pódense seguir os seguintes pasos:

1. Que me di o problema?: os alumnos/as teñen que pensar en que me conta o problema, que datos teño e a que teño que responder.
2. Debuxo e poño os datos: os alumnos/as deben evitar escribir moito texto.
3. Que me preguntan?: os alumnos/as deben pescudar a que teñen que responder, se teñen todos os datos, se lles falta algún e se ten que xuntar, quitar, etc.

Plan de lectura.

4. Lembro as operacións que teño que levar a cabo: sumar, restar, multiplicar ou dividir. Respondo á pregunta e penso se o resultado é posible.
5. Repásoo todo.
6. Felicítome.
7. Se me equivoquei penso por que e a próxima vez fareino máis amodo.

5.2. CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS.

O alumnado do centro educativo participa en diversos programas e proxectos ao longo do curso académico. No último ano escolar tivo lugar a participación no Día da Ciencia na Rúa, polo que, dende a biblioteca, pódense ofrecer diferentes materiais de información para o desenvolvemento dos seus estudos e experimentos.

- ✚ Proposición de actividades sobre un glosario de termos de cada unidade.
- ✚ Busca de información en distintos soportes.
- ✚ Realización dunha procura guiada do autor/a na internet.
- ✚ Elaboración de atlas.
- ✚ Elaboración de murais de unidades didácticas.
- ✚ Mapas conceptuais.
- ✚ Elaboración dun caderno de campo baseado na observación.
- ✚ Táboas comparativas de características.
- ✚ Xogos de mesa de experimentos científicos, historia, xeografía,...

5.3 EDUCACIÓN FÍSICA PLURILINGÜE.

No CEIP Plurilingüe Manuel Murguía as sesións de Educación Física desenvólense en lingua inglesa a partir de terceiro de educación primaria.

Plan de lectura.

Ademais, contamos cun recuncho deportivo onde hai material e manuais de lectura sobre esta área.

- ✚ Lectura de regulamentos dos deportes en clase.
- ✚ Postas en común de actividades e xogos.
- ✚ Memorización e recitado das regras dun xogo sinxelo.
- ✚ Xogos interculturais: a través da lectura, comprensión e explicación posterior, situarase xeográfica e culturalmente diferentes países, xogos e situacións doutros países e/ou lugares de España.
- ✚ Lectura de temas relacionados coa alimentación, hixiene e saúde.

5.4. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL. MÚSICA E DANZA.

Cómpre destacar que a área de Educación Plástica é Visual é impartida en lingua inglesa coa colaboración da mestra auxiliar de conversa.

A área de Música e Danza conta ademais cunha aula propia, polo que o alumnado podería acceder a libros e materiais específicos deste ámbito.

- ✚ Creación de murais e libros comúns.
- ✚ Dado un texto escrito ou a audición do mesmo, representar a historia nun debuxo.
- ✚ Lectura de cancións en voz alta.
- ✚ Contos musicais. Poesías, rimas e trabalinguas.
- ✚ Traballo do folclore musical e plástico.
- ✚ Xogos de mesa de artistas e cadros relevantes.

Plan de lectura.

5.5 LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.

Lectura adaptada ao nivel lector. A continuación da lectura pódense realizar diferentes actividades dependendo do libro lido, tales como presentacións da historia en vídeo, representar con marionetas a historia escoitada, elaborar unha copia conxunta do libro lido, traballar técnica cooperativa, resumo do libro para a elaboración dun póster-recordatorio común, actividades en grupo, cada membro do grupo ten asignado un rol - interviewer, storyteller, illustrator, dictionary e matcher- e tamén unha tarefa. Cando se termina o libro faise un proxecto que pode ter diferentes formatos.

6. AVALIACIÓN

Como todo o plan de centro debemos facer un seguimento trimestral para avaliar que indicadores se están cumprindo e que medidas das adoptadas para o fomento da lectura deber revisadas para unha posible modificación. Posteriormente débese difundir dita memoria ao resto do equipo docente.

6.1- VALORACIÓN DOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS/AS.

A tarefa coa que debemos iniciar o Plan de lectura consiste en coñecer a relación que manteñen os alumnos/as de Educación Primaria coa lectura.

Podemos utilizar diversas maneiras de recompilar información ao respecto. Unha opción é organizar debates sobre o tema. Así, o titor/a ou mestre/a pode formular preguntas do tipo: *Que pasaría se non existisen os libros? E se ninguén escribise historias para os demais? Que sucedería se, de súpeto, todo o mundo se esquecese de ler? Que pasaría se só tivesen ou mercasen libros unhas poucas persoas?*

Plan de lectura.

Outra maneira de coñecer os hábitos lectores é redactar un cuestionario, unha batería de preguntas que revele conclusións xerais sobre condutas lectoras. A continuación propónse unha enquisa que pode servir de modelo:

AVALIACIÓN INICIAL	Si Moitos	Algo Algúns	Non Nada Case nunca
1. Gústache ler?			
2. Hai na túa casa libros que che gusten?			
3. Tés un libro na túa mesa de noite?			
4. Estiveches algunha vez nunha biblioteca pública?			
5. Vas á biblioteca do colexio?			
6. Gústache visitar librerías?			
7. Agasállanche libros a miúdo?			
8. Pides que che agasallen libros?			
9. Os teus pais/nais len na casa?			
10. Len libros, ademais do periódico?			
11. A túa familia anímate a ler?			
12. Sénteste na obriga de ler?			
13. Les a miúdo cos teus pais/nais ou irmáns?			
14. Gozas comentando as túas lecturas?			
15. Gústanche máis os cómics que os contos?			
16. Onde che gusta ler?			
17. Ler paréceme: aburrido, divertido,...			
18. Encantaríame ler historias sobre...			
19. Cantas horas les á semana?			

Plan de lectura.

Cómpre dicir que a aplicación da enquisa non debe ser un trámite; axeitarase a un protocolo que asegure a súa eficacia. Por iso teremos en conta as seguintes notas:

- a) Chegar a un acordo, entre todos, na realización dun formulario definitivo a partir do que se inclúe arriba, cambiando a súa redacción para adaptalo ás características dun grupo determinado.
- b) Pasar o cuestionario polos cursos, baixo a supervisión do titor/a de cada un.
- c) Sistematizar os datos.
- d) Traballar máis ou menos nas diferentes propostas do Plan de lectura, por parte dos mediadores, segundo as carencias que detecte a enquisa.
- e) Avaliar os froitos de proxecto coa mesma enquisa, xa que se ideou como ferramenta para describir hábitos lectores, e podemos comprobar a evolución comparando os resultados iniciais e finais.

Adicionalmente, sería importante que tivéssemos en conta os gustos dos nosos discentes para que eles/as nos poidan suxerir novas propostas de libros e xogos para a nosa biblioteca do centro.

6.2.- VALORACIÓN DENDE A EXPERIENCIA DOCENTE.

Ao mesmo tempo que se sondan hábitos de lectura por medio de preguntas directas, non estaría de máis que os mediadores precisaran que carencias observan entre os nenos/as nas reunións convocadas ao efecto polo coordinador/a. Deste xeito non confiarán unicamente o seu diagnóstico inicial ás respostas dadas polos destinatarios do plan; é dicir, dende a práctica e a experiencia educativa concretarán as dificultades que advirten nestas etapas para poder sopesalas e idear con certas garantías propostas de intervención.

Os mediadores docentes valorarán se hai desinterese, lagoas na comprensión lectora, erros de pronunciación, fallos na interpretación dos signos de puntuación, etc., para así traballar a competencia en comunicación lingüística.

Plan de lectura.

6.3.- DESCRICIÓN DOS RECURSOS QUE POSÚE O CENTRO.

Tendo en conta que contamos cunha biblioteca que está perfectamente informatizada e inventariada, poderemos avaliar se estamos aproveitando os recursos dos que dispoñemos. Se os resultados son negativos, modificaremos o sistema empregado, sempre co consenso dos sectores implicados.

A continuación enuméranse aspectos a avaliar na biblioteca, a fin de orientar a descrición dispoñible e axilizar a súa mellora:

✚ Sobre o espazo:

- Mobiliario adecuado: número e tipo de mesas, cadeiras, expositores, etc.
- Iluminación, ambiente, decoración.

✚ Sobre a xestión da biblioteca:

- Horarios de consulta e préstamo.
- Difusión de actividades e horarios.
- Vínculos coas bibliotecas de aula.
- Relación con bibliotecas públicas de preto.
- Participación de alumnos/as, pais/nais e docentes.
- Participación de editoriais, autores/as e ilustradores/as.

✚ Sobre a xestión dos fondos bibliográficos:

- Fondos bibliográficos actualizados para diferentes niveis ou ciclos.
- Material audiovisual.
- Revistas e publicacións periódicas.
- Folletos de solicitude de libros.
- Catálogos informatizados.
- Guías de lectura (por eixes transversais, por temática, por xénero, etc.)

✚ Sobre a avaliación da biblioteca:

- Elaboración da memoria anual, onde se incluíría: un informe sobre o uso da biblioteca, as actividades realizadas e propostas de mellora.

✚ Sobre os equipos:

- Número de aparellos tecnolóxicos, características, prestacións, accesorios.

Plan de lectura.

7. RECOMENDACIÓNS PARA QUE AS FAMILIAS TRABALLEN A LECTURA COS/COAS SEUS/SÚAS FILLOS/AS.

- ✚ Rodea ao teu fillo/a de libros.
- ✚ Trata de manter libros na túa casa para que o teu fillo/a lea.
- ✚ Os libros comprados en librerías poden ser caros, pero lembra que sacar libros prestados da biblioteca do colexio non custa nada.
- ✚ Permite que o neno/a elixa os seus propios libros. Ler o que lle interesa é unha forma de promover o hábito da lectura.

ESTRATEGIAS.

- ✚ Anima ao teu neno/a para ler outro libro. Atopa a maneira de animar ao teu fillo/a para ler. Se lle gusta un libro, busca outro cun tema similar ou do mesmo autor.
- ✚ Facer quendas para ler. Cando o teu fillo/a saiba ler, pídelle que che lea en voz alta todos os días. Así, poderédesvos rotar: ti les unha páxina e o neno/a a seguinte.
- ✚ Fai conexións coa vida do teu fillo/a. Axúdalle a conectar o que le nos libros co que ocorre na vida. Se len un libro sobre a familia, menciona por exemplo en que se parece ou se diferencia o que ocorre no conto ao que ocorre na súa familia.
- ✚ Incentiva ao neno/a para ler. Anima ao teu neno/a a ler á hora de deitarse. Ofrécelle escoller entre ler ou durmir. A maioría dos nenos elixe ler.
- ✚ Trata distintos tipos de libros e revistas. Anima ao teu fillo/a para ler distintos tipos de libros, artigos ou contos. Hai revistas que os nenos/as poden ler, pero revisa antes o seu contido e empeza a ensinar aos nenos/as para ler dunha forma crítica e reflexiva.
- ✚ Leva ao teu fillo/a a contacontos, teatros, librarías, bibliotecas públicas, exposicións, actos culturais, etc.

8. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NO CURSO ESCOLAR 2023-24.

- Realizar a solicitude para xestionar a biblioteca dende Koha.
- Rexistrar os libros e xogos da biblioteca escolar.
- Etiquetar e forrar os libros.
- Facer expurgo de libros que están obsoletos ou moi deteriorados.
- Solicitar a Radio na Biblio.
- Continuar a Biblioteca Creativa.
- Abrir a biblioteca todos os días da semana na hora de lecer.
- Continuar coa apertura da biblioteca en horario de tarde. De luns a xoves de 16:00 ata as 18:00 horas e os venres de 16:00 a 17:00 horas.
- Darlle máis presenza ao blogue da Murguiteca coas informacións e traballos que se vaian realizando, informando ás familias da utilización do mesmo, involucrando a todos os membros da comunidade educativa na mellora e goce da nosa biblioteca. Enlace ao blogue da biblioteca: <http://mmurquiabiblioteca.blogspot.com/>. E ademais, darlle maior visibilidade dende o Instagram do centro educativo a todas as novidades da biblioteca.
- Comezar a idear o noso recuncho “Maker” e de “Xogo”.
- Seguir coa colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas diferentes actividades que se están a facer na biblioteca. Dentro desta colaboración, continuarase co proxecto da radio escolar, onde se expoñen e se difunden as actividades realizadas no centro e biblioteca creativa, onde se realizan diferentes talleres/obradoiros durante o recreo.
- Dotar de ordenadores portátiles e comezar co uso de tablets na biblioteca, en coordinación co equipo TIC.
- Continuar co labor no Consello Escolar.
- Modificar o Plan de Lectura e elaborar o Plan de Biblioteca, seguindo as instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares no curso académico 2023/2024.
- Seguir coa formación de usuarios e os voluntarios/as da biblioteca.
- Adquirir e ampliar fondos de libros dos que haxa menos variedade segundo a CDU.
- Conseguir novas mochilas viaxeiras para este curso escolar.

Plan de lectura.

- Xestionar as propostas de libros de cara aos docentes do centro.
- Expoñer as novidades no expositor e tamén unha exposición en función das conmemoracións que se levan a cabo cada mes.
- Crear indicadores de avaliación: número de préstamos, usuarios, actividades, libros rotados, ausencias, uso do recuncho de lectura e xogos, utilización da bibliopatio...
- Continuar coa celebración das datas máis significativas.
- Aplicar o Proxecto Documental Integrado, este ano será “O Murguía nas Olimpíadas!”, con actividades relacionadas, exposicións...
- Articular estratexias de valoración do noso traballo cos titores/as, para mellorar a competencia en comunicación lingüística.
- Fomentar o hábito lector a través de contacontos, recompilación de escritos dende cuarto de Educación Infantil ata sexto de Educación Primaria, mochilas viaxeiras, apadriñamento lector, bibliopatio....
- Continuar con “Bibliopatio”, levando os libros ao patio para que así a biblioteca se encontre moito máis accesible e anime á lectura nos momentos de lecer.
- Conceder agasallos e premios nos diferentes concursos.
- Levar a cabo o Plan de lectura do Centro.
- Elaborar Trípticos coas recomendacións lectoras en Nadal e fin de curso.
- Elaborar normas da biblioteca para os recreos e gardas de tarde.
- Facer novos carnés de biblioteca para este curso escolar 2023/2024.